concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2021 | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) |
| --- | --- | --- | --- |
| e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación. | | | |
| f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar. | 12.000,00 | 0,00 | 12.000,00 |
| g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais. | 3.000,00 | 0,00 | 3.000,00 |
| h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas. | | | |
| T O T A L | **294.169,15** | **178.103,71** | **116.065,44** |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

## 4) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GPM DO PP RELATIVA A POÑER EN MARCHA DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAIXAR O PREZO DA LUZ

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 26.01.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

:::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GPM DO PP RELATIVA A POÑER EN MARCHA DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAIXAR O PREZO DA LUZ



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZm0/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e dous (2) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:**

<<Instar ao Goberno de España a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

Primeiro: Rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para iso o artigo 8 da Lei 15/2012 de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, tal e como se recolle na Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o 18 de setembro de 2018 e que caducou debido á falta de vontade do goberno de España por debater este asunto.

Segundo: Modificar a Lei 24/2013 do Sector Eléctrico para, entre outros aspectos, que determinados custos regulados que se trasladan á factura eléctrica como a débeda do sistema eléctrico sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, tal e como propón a Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o pasado 19 e xaneiro.>>
........................................................................................................................................................
........................................................................................................................................................

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE, Dª Beatriz González Bargo sinala que tal e como manifestaron na Comisión Informativa, o seu grupo está de acordo co punto primeiro da moción, pero non co segundo punto. E gustaríalle argumentar por que non están de acordo. A subida que agora houbo foi puntual polas tormentas que houbo estas semanas atrás. O prezo no mercado maiorista no 2020 foi dun 24% inferior ao do ano 2019; e no 2019, xa foi un 17% máis barato que no 2018... O que supuxo que os consumidores xa tiveran unha rebaixa nas súas facturas. Dende o Goberno central estanse a tomar medidas para este problema que se traducen: na eliminación do imposto ao sol, na poxa de renovables, na promoción do autoconsumo compartido, na eficiencia enerxética, etcétera. Con esa eficiencia enerxética, coas enerxías renovables e o almacenamento a grande escala, acadaranse prezos máis baixos e poderase cubrir a demanda no caso de que se dea unha situación semellante á de agora. Unha das últimas medidas aprobadas é o anteproxecto de Lei para a creación dun fondo nacional para a sustentabilidade do sistema eléctrico que permitirá reducir un 13% a factura eléctrica, nos próximos 5 anos, cando se complete a súa implementación.

A Alcaldesa só quere recordar que están argumentando que a luz sube polo incremento da demanda neste momento de tanto tirón de electricidade, polo frío, polos temporais... Pero están obviando que o 60% do recibo da luz débese aos impostos: IVA, 21%; Imposto especial de electricidade, 5,11%; Imposto sobre o valor de produción da enerxía eléctrica, 7%; e costes regulatorios derivados da xestión política, como puideron ser no seu momento as subvencións ás renovables. Quere recordar o goberno do Sr. Zapatero, que creou unha débeda de 10.000 millóns de euros polas subvencións naquel momento de apoio á enerxía solar. Non recordan que había construtoras que se dedicaban aos parques solares? O sistema non estaba consolidado, era moito máis caro fabricar esa enerxía, igual non era o momento... Con eses vimbios desa débeda, se fixo o cesto que se puido facer. Aparte recorden en que lexislaturas.... en plena crise económica e engadirlle eses 10.000 millóns de euros que se debían, polo apoio mediante subvencións, ao sector solar. Hai que recordar isto para situarse no marco histórico que corresponde. A Alcaldesa comenta que ela tamén pode facer referencia a notas de prensa que foi recompilando, e onde se dicía que era un fracaso a suba da luz dun 8% naquel momento, onde gobernaba un Presidente,



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZm0/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

que por suposto era do Partido Popular.... O Sr. Pedro Sánchez criticaba no pasado a suba da luz dun 11% (que non é nada en comparación coa suba actual) e dicía que iso era "otro golpe a las familias"... O socio do actual goberno tamén dicía no seu momento que subir a factura da luz demostraba a codicia das empresas eléctricas, coa complicidade do Goberno da Nación.... Debeuse de olvidar do asesor do seu partido que está no Consello de Enagás.... Tamén se escusan para non baixar o IVE, en que Europa non deixa.... Cando en Francia o IVE está no 5,5%, en Portugal no 6%, Italia no 10%, Grecia no 13%... As mentiras teñen unhas patiñas moi curtas.

O voceiro do GPM Mixto, o Sr. Moledo Carreño, sinala que están a favor destes dous puntos. Están orgullosos de que o Partido Popular, despois de ter sido o que aprobou esas Leis do ano 2012 e do ano 2013, recapacite e agora queiran eliminalas, entrar en cintura... Pero para eles esa petición queda curta. Como BNG levan anos reclamando isto e máis unha tarifa eléctrica galega, xa que somos o primeiro país do Estado Español en producir enerxía eléctrica e estásenos cobrando máis cara ca en ningún lugar do Estado. Cunha tarifa eléctrica galega poderíamos ter suficiente capacidade para que os nosos empresarios tivesen unha tarifa reducida o que lle permitiría xestionar mellor as súas empresas e poder contratar xente, subir salarios, etcétera. Cren que a electricidade tiña que ser pública e non estar en mans privadas. Pero está en mans privadas, polas persoas que están sentadas nos seus consellos de administración, coas famosas portas xiratorias. Isto é o que pasa. Non se pode ser demagogos, e querer unha cousa cando se goberna, e cando non, querer outra cousa. O PSOE pedía eliminar estes puntos cando gobernaba o PP. E agora cámbianse as tornas. Hai que ser serios, loitar polo ben do noso país, e conseguir unha tarifa eléctrica galega para mellorar; e non xogar ao "compénsame", "non me compensa", que é o que se está vendo....

A Alcaldesa quere recordar que se está ante un mercado intervido en canto á enerxía eléctrica. Hai un prezo regulado en toda España e o que se intenta é a desigualdade entre territorios. Se o que pretende o GPM Mixto é unha nacionalización das eléctricas, o PP non vai estar de acordo. Tamén lle parece incoherente dar apoio nun momento a un goberno, que apoia o peche de Meirama e As Pontes. E agora somos deficitarios... Éramos excedentarios pero agora non o somos. Ela non quere meter en cintura ao Sr. Moledo Carreño; xa que cada un é libre de ter as súas propias ideas sobre un tema. Niso está a pluralidade. O Sr. Moledo Carreño tampouco a meteu a ela en cintura.



Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Mixto) e tres (3) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

<<Instar ao Goberno de España a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

Primeiro: Rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para iso o artigo 8 da Lei 15/2012 de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, tal e como se recolle na Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o 18 de setembro de 2018 e que caducou debido á falta de vontade do goberno de España por debater este asunto.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZmO/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Modificar a Lei 24/2013 do Sector Eléctrico para, entre outros aspectos, que determinados custos regulados que se trasladan á factura eléctrica como a débeda do sistema eléctrico sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, tal e como propón a Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o pasado 19 e xaneiro.>>

## 5) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN CONXUNTA DA CORPORACIÓN EN APOIO ÁS DEMANDAS DOS EMIGRANTES RETORNADOS

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 26.01.2021) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DA MOCIÓN CONXUNTA DA CORPORACIÓN EN APOIO ÁS DEMANDAS DOS EMIGRANTES RETORNADOS

**En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:**

<<O Pleno do Concello de Lousame acorda expresar o seu apoio ás demandas dos emigrantes retornados, asumilas como propias e dirixirse ao goberno central, particularmente ao Ministerio de Facenda, así como ao Congreso das e dos Deputados para esixir a atención ás necesidades do colectivo de emigrantes retornados e acelerar o cumprimento do compromiso de adoptar, as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Así mesmo, tratarase o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, así como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas>>

::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE comenta que están a favor, tal e como manifestaron na Comisión Informativa.

O voceiro do Grupo Mixto, explica que ao rematar a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria falou con representantes tanto da Plataforma Muros-Noia como de Barbanza. Os representantes destas plataformas pedíronlle que non se suprimise ningún parágrafo do texto da moción. Tamén lle comentaron que nalgunha ocasión si se foron presentar persoalmente, para explicar as súas demandas. Pero agora debido ao Covid-19 e que son colectivo de alto risco, non viñeron persoalmente ao Concello.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZmO/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa recorda que quedou en poñerse en contacto con eles; aínda non o fixo, pero o fará tan pronto lle sexa posible. Quere aclarar que o que se ditaminou na Comisión Informativa foi aprobar o que ela acabou de ler.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

<<O Pleno do Concello de Lousame acorda expresar o seu apoio ás demandas dos emigrantes retornados, asumilas como propias e dirixirse ao goberno central, particularmente ao Ministerio de Facenda, así como ao Congreso das e dos Deputados para esixir a atención ás necesidades do colectivo de emigrantes retornados e acelerar o cumprimento do compromiso de adoptar, as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Así mesmo, tratarase o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, así como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas>>

## 6) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA NÚM. 647/2020 Á 16/2021



A Alcaldía-Presidencia da conta das Resolucións da Alcaldía da número 647/2020 á número 16/2021, que foron remitidas aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

## 7) INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

A voceira do PSdG-PSOE manifesta a intención de presentar unha moción por razón de urxencia, relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na Comunidade Autónoma de Galicia. Trata de remitila por correo electrónico ou pola aplicación *Whatsapp* á Alcaldía, pero por dificultades técnicas non pode facelo. Polo tanto, indica que a moción será presentada noutro Pleno

## 8) ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do GPM do PSdG-PSOE plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1. Chámalle moito a atención a cantidade de expedientes que hai da revisión do lixo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZm0/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Chegoulles uns rumores de que queren aumentar unha liña de alta tensión: a que pasa por Cerquides e vai até A Feosa, de camiño á subestación de Palmeira. Pregunta se a Alcaldía sabe algo, se lle consta que exista algunha petición, se os pode informar diso….

3. Comenta que na pista de Servia hai uns baches e reciben queixas dos veciños de que hai uns baches importantes nesa pista, que vai de Servia á Planta de Compostaxe.

   *Alcaldesa: Aclara que esa non é a pista de Servia. Hai un tramo que enlaza coa estrada xeral e coa pista que vai a Servia. E logo está a pista que vai á Planta da Mancomunidade. Non estaría mal que, cando se negociaron as condicións por parte do Concello de Lousame, se esixira (ao igual que o fixeron outros Concellos) que o mantemento desa vía o fixera quen a usa; xa que esa vía está dando servizo a Concellos da Mancomunidade e Concellos que non son da Mancomunidade que aportan as maiores toneladas de residuos á Planta. Pero volve a repetir o de antes. Cos vimbios que temos facermos este cesto. Anuncia que bacheará esa pista. E o fará tan pronto o permita o tempo.*

A Alcaldesa pasa a palabra ao voceiro do Grupo Mixto para que formule os seus rogos e preguntas e logo contestar, se procede, a todas xuntas.

O voceiro do Grupo Mixto plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1. Lle sorprende que existan tantos decretos do lixo. Algún veciño pediu aprazar o pagamento e a canto ascende o recadado. E tamén se van seguir chegando máis resolucións de Alcaldía con Decretos de lixo.

2. Acaban de abrir as liñas de subvencións da Deputación da Coruña e queren saber se o equipo de goberno xa sabe se vai solicitar algunha.

3. No Concello de Noia están a tratar na súa Mesa de Comercio a creación dunha plataforma de compra on-line, para levarlle a compra á casa aos veciños, como se fose *Amazon*. Querían que se estudase a posibilidade de que o Concello de Lousame conveniase co Concello de Noia que tamén ese servizo se poida estender aos veciños do Concello de Lousame.

4. Pregunta se o equipo de goberno ten pensado facer algo en San Lourenzo para que a xente incívica non vaia alí facer botellóns. Hai que poñer un valado, ou unhas pedras... Hai que buscarlle unha solución.

5. Na Fervenza de Toxosoutos, nos terreos aledaños ao río, atoparon bastantes trozos de plástico, de velas, centros de flores tirados. Pregunta se teñen constancia e se poden enviar a alguén a retiralos porque dan moi mala imaxe. E dalguén incívico... porque eses residuos están todos no mesmo sitio e do vento non pode ser.

6. Quere saber por que Lousame é o único Concello da comarca que non sube información diaria dos casos do Covid-19 que temos no Concello.

7. Tamén quere saber por que Lousame non foi pechado perimetralmente, cando no seu momento tivo máis casos activos que outros Concellos que teñen maior poboación que



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible

CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZm0/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

nós. Estes Concellos foron pechados perimetralmente e, pola contra, Lousame non se pechou. Quere saber cal é a explicación que pasou a Xunta para xustificar que Concellos con 20 casos estivesen pechados perimetralmente, e Lousame con 26, non o estivese.

8. Quere saber quen toma as Actas da Xunta de Concelleiros Delegados. Vai camiño de dous anos dende que arrancou a Corporación e aínda non sabe quen toma as Actas desa Xunta de Concelleiros Delegados.

A Alcaldesa procede a contestar os diferentes rogos e preguntas plantexados:

1. *Aos dous grupos chamoulles a atención a cantidade de decretos que houbo de revisión do lixo. O Concello levaba varios anos intentando abordar esta revisión. Os concelleiros saben en que Concello están, en relación á dotación de persoal que posuímos. Somos unha Administración pequena pero temos que cumprir exactamente coas mesmas obrigas que un Concello grande, que nos quintuplica en recursos tanto económicos como humanos. Houbo que parar de tramitar outros expedientes en Urbanismo, para en colaboración con outro persoal, sacar adiante este expediente. Incluso algún concelleiro estivo colaborando para sacar esta labor. Revisouse vivenda a vivenda para detectar erros e para detectar inmobles que non estaban dados de alta. Están enviadas todas as comunicacións, pero aínda non finalizou o expediente. Hai xente que aceptou e pagou, xente que fixo alegacións, xente que nin pagou nin fixo alegacións, hai algunha persoa que pediu o pago aprazado.... Ordenou facer unha táboa para que reflicta a xente que xa pagou e se inclúa no padrón do 2021, a xente que presentou alegacións, hai que contestalas; quen non pagou nin fixo alegacións, hai que sacar a liquidación definitiva, e se non pagan nese período, mandarase a executiva. A contía do que se recadou non o coñece, pero ese dato o facilitará na próxima reunión. Todos deberíamos estar satisfeitos de ter realizado este expediente. Agradece aos traballadores toda a labor que desempeñaron para poder realizar esta depuración.*



2. *En canto á liña de Alta Tensión, dicir que ao Concello chegaron proxectos de dúas liñas. Unha foi contestada hoxe ou onte, na que se lles dicía, que baixo a opinión do Concello tiñan unha maneira con moito menos impacto que o trazado que eles plantexaban: ver se a subestación que está en Fontefría-Bargo, moito máis próxima, era posible facer aí a conexión e non atravesar todo do Concello. Como aínda se mandou onte, non coñece a resposta. O luns revisará por se houbese algunha máis que descoñece, pero cre que a voceira do PSdG-PSOE, se está referindo a este expediente. Cando os solicitantes presentaron ese proxecto, aínda non existía a subestación que está en Fontefría-Bargo. Por iso agora, lle trasladan esa información, para que estuden esta posibilidade. Se conectan aquí é moito mellor para todos, e non terían que atravesar unha estación enorme de territorio.*

3. *En canto ás subvencións da Deputación da Coruña.... Dicir que agora mesmo hai abertas moitísimas liñas de subvencións, tamén da Xunta de Galicia. Temos unha enorme sobrecarga para analizar unha a unha, e tamén para trasladar a información á cidadanía. Vamos a pedir a de informador turístico, que se fai conxuntamente con outros Concellos. As outras estamos analizándoas en profundidade, porque temos que estudar varios aspectos, se existe aportación municipal, etcétera. Se quere saber cales imos pedir.... Pois pediremos todas as que poidamos, as que nos permita as nosas condicións económicas.*

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZmO/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4. *En relación a San Lourenzo, valado non se pode poñer. Igual pode poñerse unha barreira ou cadeas... Xa as houbo e as rompen. Poderíase poñer algo que impida que vaian cos coches até a Capela... Pero van ir igual.... Porque a tecnoloxía de hoxe en día permite que cun pequeno aparatiño se multiplique o volume da música... Fixo varios chamamentos e pídelle que o fagan todos os grupos, en trasladar á cidadanía que isto é unha falta de civismo. Ademais nos momentos nos que estamos isto pode dar lugar a mortes.*

5. *En canto a Toxosoutos, dicir que xunto ao albergue hai un colector. Alí non baixan a coller o lixo. Os traballadores do Concello van todos os luns, o baleiran e suben o lixo para o colector que está a estrada xeral. Puideron fallar nestas últimas semanas porque non estaba a plantilla ao completo. O que comenta o voceiro do Grupo Mixto non pasa só nese cemiterio, senón tamén en outros. Esa conduta debe ser rexeitada. Mandará a alguén por alí para limpar aquilo.*

6. *Os datos dos afectados por Covid-19 no Concello publícanse a diario na páxina de Sanidade. O que se pode facer é un corta e pega. A día de hoxe, a ela constanlle 17. O máximo que se chegou a ter foron 29 positivos. A partir de aí foi descendendo.*

7. *Hai 4 tipos de incidencia: baixa, media-baixa, media-alta e alta. Lousame sempre estivo en incidencia baixa e logo pasaron a media-baixa. E nos confinaron co Concello de Noia porque Noia estaba igual ca nós. Os habitantes de Lousame podían ir a Noia a facer actividades esenciais. Dende o Concello colgouse a información para toda a veciñanza.*

   O voceiro do Grupo Mixto intervén para dicir que el non se refería a isto. Sinala que houbo un momento, cando finalizou o peche perimetral con Noia, no que Lousame tiña unha das incidencias máis altas da comarca, e o Concello de Lousame non estaba pechado perimetralmente. Había dous tipos de Concellos: uns, que quedaron pechados perimetralmente como Porto do Son, Outes... e o resto, no que quedou Lousame, que se podía mover libremente a outros Concellos que non estivesen pechados perimetralmente.

   *A Alcaldía considera que o voceiro do Grupo Mixto ten un dato erróneo, pero non quere insistir máis nisto. Pedirá un informe a Sanidade para trasladarllo. Non é certo que Lousame tivese a incidencia máis alta da comarca. Estivemos nun momento de máximo risco con 29 persoas, e a partir de aí comezaron a baixar os positivos até o día de hoxe.*

8. *En canto ás Actas da Xunta de Concelleiros Delegados dicir que toma acta un funcionario, Técnico-Xurídico.*

9. *En canto á plataforma de compra on-line, o estudarán, pero suxire ao voceiro do Grupo Mixto que preguntase que lle parece isto a algún dos establecementos que temos en Lousame e coñecese o que está a pasar. Sería bo que os tres voceiros se reunisen para tratar este asunto.*

O voceiro do Grupo Mixto solicita a palabra para seguir insistindo en que é preciso que se xunten os voceiros dos grupos políticos municipais ou a xente que integra a Asemblea da Mancomunidade de parte de Lousame, para estudar o que vai ser o futuro da Planta. Cre que dende Lousame hai que buscar unha solución e ir os representantes de Lousame de abandeirados á Mancomunidade. Quedan dous anos para que se esgote a actual concesión, e non hai ningún proxecto de futuro.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZm0/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa xa lle dixo que sería moito máis efectivo que esta pregunta se faga no seo da Mancomunidade. Se xa o fixo, reincida, volva a preguntar á Presidencia da Mancomunidade, e trasládelle esa solicitude.

O voceiro do Grupo Mixto creo que o Concello de Lousame ten que levar unha proposta como Concello.

A Alcaldesa considera que é un tema moi interesante e empraza aos voceiros a ter unha reunión sobre esta materia na vindeira semana.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e cinco minutos (22:05 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

| A ALCALDESA-PRESIDENTA | A SECRETARIA-INTERVENTORA |
|---|---|
| María Teresa Villaverde Pais | Paula Ares Otero |



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 02/02/2021 11:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 02/02/2021 11:56:00)
Versión imprimible
CVD: yXY5l3rZKWwxn5VZm0/b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).